

Ramón Nicolás: "A voz de Begoña Caamaño é consciente e insubornabelmente monolingüe"

O escritor e veciño do Calvario Ramón Nicolás percorre en *A nena que perdeu un zapato na lama* (Galaxia) os espazos emocionais onde viviu a nena Begoña Caamaño. Unha investigación que se converte nunha homenaxe dupla, á autora e á memoria do territorio vigués.

Marga do Val

06 de abril de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/ramon-nicolas/20260406122109252489.html>

—No libro hai unha homenaxe á memoria do Calvario.

Haina. O Calvario pertencía ao antigo concello de Lavadores, territorio moi activo, comprometido co agrarismo e co universo proletario. Begoña coñeceu as historias e acontecementos do tempo da República, da guerra —houbo tres barricadas no barrio contra a sublevación fascista— e da posterior represión. Alén de trazos singulizadores deste concello: o pulo asociacionista e unha indubidábel fasquía batalladora.

—A nena Begoña vive a desaparición da lama, como inflúen estas vivencias na súa escolla lingüística?

A lama é, en efecto, unha metáfora. Onde antes había lama agora hai cemento. Begoña é aínda desa xeración de rapazada que podemos xogar e enredar na rúa sen perigo e iso axuda a enfrontarse ao mundo con outra ollada.

No Calvario non era difícil atopar vivendas cos seus predios e leiras cultivadas, animais domésticos e árbores froiteiras... Era un mundo a cabalo entre a realidade tradicional e a moderna. Ela participaba das dúas e no barrio, aínda medrando con persoas que viñan de fóra, a lingua por excelencia sempre foi o galego, e aínda o segue a ser. Begoña nunca dubidou e o compromiso lingüístico foi algo que testemuñou día a día, no seu activismo e percorrido profesional como xornalista e como narradora. A voz de Caamaño é consciente e insubornabelmente monolingüe.

—Vostede elixe Morgana como voz narradora.

É unha homenaxe a Begoña e á escolla dun personaxe sobre o que gravita unha das grandes obras da literatura contemporánea: *Morgana en Esmelle*. Quero transmitir un dos eixes transcendentais da súa escrita: ollar o mundo con lentes lilas, reformularse estereotipos e apostar pola revisión dos mitos patriarcalizados.

—No relato é Begoña unha personaxe literaria ou unha nena do seu tempo?

Begoña non é, ou non foi a miña intención, unha personaxe literaria. O libro é un texto híbrido que xurdiu de maneira natural. Hai biografía de Begoña, ela circula por estas páxinas, mais tamén hai un chisco de memoria persoal que quero nuclear a partir da recuperación de territorios do Calvario cheos de significado de seu. Se algunha personaxe literaria hai, ou se se quere ver, esta transmútase nos lugares: os cines do barrio, as tendas, as rúas, as escolas, os tranvías, os parques...

—Un lugar onde é de xustiza que exista unha praza co nome Begoña Caamaño.

Sen dúbida. Sería desaproveitar unha grande oportunidade. Tanto me ten onde se decida poñela pero si é necesario que o seu nome quede asociado, para sempre, a un lugar e, loxicamente, a unha maneira de entender a vida. Hai mocidade que descobre os perfís da súa personalidade, que a le e que, decontado, se fai “caamiñista” se se me permite o termo. Por algo será.

—Seguro que como autor da novela *O espello do mundo*, en que viaxa á Idade Media e bota man da escrita epistolar, gustaríalle ter falado con Caamaño.

Oxalá puidese ter lido a miña novela. Sería fermoso ter unha relación epistolar con ela inspirada na correspondencia que alimenta o libro. Supoño que habería asuntos que se recrean que serían do seu interese.